



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

(MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN)

Expediente núm.:	Departamento:
(1407/2024)	(Secretaría)

CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS EN RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE.”(Plan Concellos 2023)

1.-OBXECTO DO CONTRATO.-

O proxecto consiste na mellora de vías de titularidade municipal mediante limpeza de foxos, varrido superficial e formación de novas capas de rodaxe.

2.-NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO.-

A necesidade da celebración deste contrato ven determinada porque estas vías de titularidade municipal presentan pavimentos con fochas e unha alta fisuración que afecta á impermeabilidade dos mesmos, permitindo a entrada de auga nas explanadas, o que desencadea un colapso estrutural importante.

A actual capa de rodadura non cumpre coas esixencias de regularidade, macrotextura e rozamento, o que conleva a un problema de seguridade, incomodidade na conducción e ruídos provocados polo tránsito.

3.-MOTIVACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

O proxecto consiste na limpeza de foxos, varrido superficial e aplicación de aglomerado en cada un dos viais.

A execución das actuacións anteriormente relacionadas debe ser continua e ordenada, é dicir, existe unha relación de prelación entre elas que require unha perfecta organización e coordinación.

Por outra banda, a execución do proxecto requirirá da utilización de determinados medios auxiliares que estarán presentes dende o inicio da obra (fase limpeza de foxos e varrido) ata a finalización da mesma (fase de aglomerado).

A división en lotes do contrato que nos ocupa dificultaría, dende un punto de vista técnico, a correcta execución do mesmo, ó tempo que suporía un risco debido á necesidade de coordinar as diferentes prestacións caracterizadas, no caso que nos ocupa, por unha dependencia de prelación e organización global, e incluso de utilización e compatibilización de medios auxiliares.

O art. 99.b) da Lei de Contratos do Sector Público, recolle como excepción á división en lotes, o motivo exposto.

4.-XUSTIFICACIÓN DE ELECCIÓN DE PROCEDEMENTO.-

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español das directivas do Parlamento

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
Óptase polo procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público como procedemento ordinario, e a efectos de facilitar a maior concorrencia posible.

5.-ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.-

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto 2023-0854 de 20 de xuño de 2023 de delegación de competencias.

6.-DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración deste contrato será de 3 MESES.

7.-ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.-

O valor estimado do contrato ascende á contía de 83.980,89 euros e o orzamento base de licitación á cantidad de 101.616,88 euros (83.980,89 € + 17.635,99 € de IVE).

8.-LUGAR DE PRESTACIÓN.-

Concello da Estrada.

9.-PUBLICACIÓN.-

A presente memoria debe publicarse no Perfil do Contratante desta Administración aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

